



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A AMPLIACIÓN DA AVD. DA DEPUTACIÓN NO POLÍGONO DE SABÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co Concello de Arteixo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Arteixo para a ampliación da avenida da Deputación no polígono de Sabón.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A actuación que pretende realizar a Axencia Galega de Infraestructuras consiste basicamente no incremento da capacidade da vía por duplicación de carrís ao longo do trazado da Avenida da Deputación, dende a glorieta de Sabón ata a intersección coa





Avenida da Enerxía.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

